

17 MAIO

Pola defensa irrenunciábel do galego, o idioma que nos une

Nos últimos tempos, assistimos aos intentos de estender sobre Galiza e sobre a nosa identidade nacional unha vaga españolizadora que, aínda que é fomentada desde as esferas políticas e mediáticas de Madrid, tamén ten eco nun sector da sociedade galega. O propio Partido Popular, que vén de asumir de novo a presidencia da Xunta de Galiza, está a manter un discurso e unha mensaxe política claramente involucionista a respecto da lingua e cultura propias, así como da propia realidade da nación galega.

Con argumentos cheos de prexuízos e marcados por unha especie de auto-odio enfermizo, asociacións como a denominada Galicia Bilingüe, diversos medios de comunicación (con La Voz de Galicia como estandarte) e forzas políticas como o Partido Popular (e a marxinal no noso país, UPyD), semellan estar lanzados nunha campaña permanente en contra da lingua de Galiza e da normalización dos seus usos sociais. Así, os tímidos avances que se deron en favor do galego nos catro anos de xestión conxunta de BNG e PSOE á fronte do Goberno galego, como no caso do ensino non universitario (coa promulgación dun Decreto que procuraba un uso de cando menos o 50% de galego nas escolas do país) estiveron e están no seu punto de mira. De feito, un dos primeiros anuncios do novo presidente Núñez Feijoo foi a derogación do devandito Decreto de impulso do galego no ensino, anuncio que xa tivo un rexeitamento contundente por diferentes colectivos da comunidade educativa e da propia federación de Ensino da nosa central sindical.

Para nós, como central sindical nacionalista e de clase, faise necesario que o galego avance en protección, que consolide usos sociais e que gañe novos espazos. E nese sentido, os poderes públicos, e nomeadamente a Xunta de Galiza, deberían ser garantes e exemplo a seguir no que se refire á defensa da lingua propia e nacional de Galiza e á súa promoción en todos os ámbitos da sociedade galega. Máxime cando historicamente no noso país foi o galego o idioma que se viu desprazado como lingua propia e substituído polo idioma foráneo, o español, froito dun proceso político e social de negación da realidade galega e de imposición violenta da lingua de Castela, tal e como foi denunciado desde hai séculos polos sectores máis conscientes do noso pobo.

Compromiso da CIG co idioma do país

Desde a nosa responsabilidade como defensores dos dereitos e intereses das traballadoras e traballadores galegos, nós mantemos un compromiso claro e irrenunciábel co galego, como lingua propia e nacional do noso país. Así o levamos facendo desde o noso nacemento como central sindical, sabedores da importancia de unir as loitas que damos como clase traballadora galega coa defensa da soberanía nacional de Galiza e en prol da nosa lingua e cultura.

No día a día no mundo do traballo, a CIG mantén viva a chama da reivindicación do noso idioma, contribuíndo a unha maior presenza deste nas relacións laborais, e moitas veces fronte a posicións contrarias ao uso da lingua galega mantidas desde as patronais ou mesmo desde as administracións.

Este 17 de maio, facemos un chamamento á mobilización activa en favor do noso idioma e da normalización dos seus usos sociais, mobilización activa que se debe facer cada día, máis alá de datas concretas. A súa defensa como lingua propia e nacional de Galiza é tamén unha defensa da nosa identidade colectiva e dos nosos dereitos nacionais, porque **o galego é o idioma que nos une.**

17 de Maio, manifestación nacional

en prol da nosa lingua, ás 12 h. na Alameda de Compostela.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com